

MOUCHETTE

Robert Bresson, 1967

556

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 11 e 23 de xullo | V.O.S.E. | +12

Mouchette (1967, 78')

Dirección: Robert Bresson

Guión: Robert Bresson (Libro: Georges Bernanos)

Elenco: Nadine Nortier, Jean-Claude Guilbert, Jean Vimenet, Marie Susini, Marie Cardinal, Paul Hébert

Son: Jacques Carrère, Daniel Couteau, Séverin Frankiel

Dirección de arte: Jean Catala

Vestuario: Odette Le Barbenchon

Montaxe: Raymond Lamy

Música: Jean Wiener

Fotografía: Ghislain Cloquet

Produtora: Argos Films, Parc Film (Francia)

Distribuidora: A Contracorriente

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

El dinero, 1983

El diablo probablemente, 1976

Lancelot du Lac, 1974

Al azar Baltasar, 1966

Pickpocket, 1959

Un condenado a muerte

se ha escapado, 1956

Diario de un cura de aldea, 1951

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Premio OCIC)

SINOPSE

Retrato da triste existencia dunha rapaza maltratada por seu pai e aldraxada pola xente do seu pobo.

«Ao igual que fan os xenios,
Robert Bresson creou as súas
propias regras para rompelas»

J. Hoberman, VILLAGE VOICE



“Espero o inesperado, busco a sorpresa”

Entrevista con Robert Bresson
Por George Sadoul

Entre algúns dos meus colegas a moda consistía en dicir: «Bresson é Jean Racine, todos os seus filmes son traxedias clásicas». Agora hai quen di: «Bresson é crueldade». Que pensa vostede? Non me considero Racine nin cruel. Non me corresponde a min dicilo nin desdicilo. É a vostedes, os críticos. O meu último filme, como sabe, é unha adaptación dunha novela de Bernanos. Nela atopei, por momentos, anacos dunha gran precisión: a palabra *ciclón*, repetida por Mouchette e que a arrastra no soño, a cantiga da escola que se converte nun canto de amor; a palabra *merda*, dita polo seu pai tras a violación...

Unha das razóns polas cales optei pola *Nouvelle Histoire de Mouchette* é que non atopei nela nin psicoloxía nin psicanálise. Así, a substancia do libro pareceume aceptábel, era algo que podía pasar a peneirar. A psicoloxía construída con palabras é novela, teatro, o cal é unha herexía na pantalla. Os novelistas máis grandes —Stendhal, Flaubert, Balzac, Proust— constrúen a psicoloxía mediante as palabras.

En certo sentido, o seu filme é mudo, pois apenas se fala. Imaxino que todo

diálogo ocuparía tres ou catro páxinas mecanografadas. Vostede exprésase sobre todo con imaxes e sons. A imaxe e o son suxiren todo canto Bernanos escribiu. No meu filme non empreguei actores, nin sequera non profesionais, senón *modelos*, no mesmo sentido dos modelos dun pintor ou escultor. Cando a elección do modelo é a axeitada, a psicoloxía agroma por si soa e eu vou corrixindo en función dela.

Modelos? Sabe vostede que escolleu a mesma palabra que o meu amigo Kulechov, o mestre de Pudovkin e de Barnet? Tamén el rexeitaba os actores de teatro e sistematicamente empregaba modelos vivos (naturtchiki), a dicir verdade cunha extrema teatralidade. O cinematógrafo é como unha lingua á parte. Tanto no son como na imaxe, a organización mediante a montaxe debe facerse ao milímetro.

Volvemos á súa crueldade. O filme *Mouchette* pon en evidencia a crueldade e a miseria ante a que estamos voluntariamente cegos. *Al azar Baltasar* (1966) era unha protesta contra a crueldade, a estupidez e a sensualidade. É algo que está dentro de min, non teño a intención de dar leccións. A crueldade está por todas partes: as guerras, torturas, campos de concentración, os mozos que asasinan anciáns. Na súa correspondencia, Oscar Wilde di algo así: «A crueldade máis habitual é sinxelamente a estupidez, unha completa falta de imaxinación». Seguramente a ausencia de imaxinación

conduce ao atroz. Ao inicio da guerra, no acantonamento, vin un soldado esfolar un coello. Fiquei espantado.

A música só intervéñ antes das primeiras imaxes e despois das últimas. O conxunto de elementos sonoros é rico e bastante preciso. Un exemplo, durante a tempestade empreguei dez tipos de vento. Cheguei a mesturar entre trinta e corenta pistas de son. As modernas técnicas de son constitúen o meirande progreso recente do cinematógrafo. Antes do magnetófono mesturábanse os sons sen saber. Agora pódese corrixir, borrar. (...) Primeiro traballo, logo reflexiono. Cando estou a rodar, ao espertar non penso no traballo da xornada. Obrígame a inventar sobre a marcha, no momento. Estou en contra dese sistema que consiste en preparar as cousas de antemán, con croquis, de facer un plan preciso do que debe suceder nuns decorados construídos por un decorador. Espero o inesperado, busco a sorpresa.

En 1945 Eiusensein falaba da montaxe de *El acorazado Potemkin* (1925) de maneira análoga. A cámara non pensa, é un ollo, un «ollo sen expresión», como dicía [Jean] Cocteau. Capta a realidade ao voo. Ofrece instantaneamente o que nin o escritor nin o pintor nin o escultor logran capturar. Rexistra o que a nosa mente sería incapaz de reter. Eu rexeito o preconcebido, o preparado de antemán, dou as costas ao estilo teatral.

Publicado en *Robert Bresson, entrevistas (1943-1983)* (Intermedio: 2014)

NA LIBRARÍA NUMAX

Robert Bresson, entrevistas (1943-1983), Robert Bresson. Intermedio, 2014

El cine de la devoción, Nathaniel Dorsky. Lumière, 2013

La joven, Anne Wiazemsky. El Aleph, 2008

Robert Bresson, Santos Zunzunegui Cátedra, 2001

Notas sobre o cinematógrafo Robert Bresson. Positivas, 1993

Mouchette, Robert Bresson A Contracorrientefilm [DVD/BluRay]

Al azar Baltasar, Robert Bresson A Contracorrientefilm [DVD/BluRay]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.

#eusondenumax

